

A incapacidade temporal do persoal docente do ensino público.

Baixas médicas, prestacións económicas durante a incapacidade temporal, prestacións sanitarias, vacacións non gozadas, risco durante o embarazo.

Información actualizada en xaneiro de 2019.

A situación do persoal docente con respecto á asistencia médica, ás baixas laborais ou ás prestacións asistenciais e económicas é diferente segundo se pertenza ao Réxime Xeral da Seguridade Social ou á Mutualidade de Funcionarios Civís do Estado (MUFACE), xa que este colectivo pertence ao Réxime Especial de Funcionarios Civís.

Desde o ano 2012 até decembro de 2018 o profesorado, como o resto do persoal do sector público, sufriu os recortes impostos tanto polo goberno Feijóo como polo goberno Rajoy, que introduciron medidas penalizadoras para o persoal que se atopase de baixa médica (incapacidade transitoria), con recortes do 50% das retribucións até o 3º día de baixa e do 25% do 4º ao 20º día de baixa.

En xaneiro de 2019, e a través da Lei 3/2018 de medidas fiscais e administrativas (DOG 28/12/2018), eses recortes foron eliminados, garantíndose a percepción do 100% das retribucións que se percibisen no mes no que se colleu a baixa, mais sen que se teña dereito a cobrar os incrementos retributivos que se poidan producir ao longo dunha baixa de longa duración (trienios, sexenios).

De seguido imos presentar as principais características de ambos réximes actualmente existentes para o persoal do ensino público.

Normativa legal:

- *RD Lexislativo 4/2000 polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Seguridade Social dos Funcionarios Civís do Estado. [Ligazón](#)*
- *Real Decreto 375/2003 polo que se aproba o Regulamento Xeral do Mutualismo Administrativo. [Ligazón](#)
Modificado polo Real Decreto 2/2010 de 8 de xaneiro, para cuestións relacionadas coa incapacidade temporal e o risco durante o embarazo e a lactación natural. [Ligazón](#)*
- *Resolución de 30 de novembro de 2018 pola que se publica o Acordo de encomenda de xestión entre MUFACE e o INSS. [Ligazón](#)*
- *Orde do 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula o réxime de permisos, licenzas e vacacións do persoal docente (DOG 15/02/2016). [Ligazón](#)*
- *Modificacións da Lei 2/2015 de emprego público de Galiza introducidas na Lei 3/2018 de medidas fiscais e administrativas (supresión dos descontos durante as IT). [Ligazón](#)*
- *Orde do 24 de febreiro de 2016 pola que se amplía a Orde do 29 de xaneiro de 2016 pola que se regula o réxime de permisos, licenzas e vacacións do persoal docente (DOG 01/03/2016). [Ligazón](#)*
- *Impreso de solicitude de licenza (Anexo IV da Orde de permisos e licenzas) [Ligazón](#)*

Para máis información:

- Persoal do Réxime especial de MUFACE: [Ligazón](#)
- Persoal do Réxime Xeral da Seguridade Social: [Ligazón](#)

MUFACE

ÁMBITO PERSOAL.

Están incluídos neste colectivo todo o **funcionariado de carreira e en prácticas** dos distintos corpos docentes, agás algúns colectivos de funcionarios procedentes doutras administracións e actualmente integrados na Consellaría de Educación. O funcionariado docente que ingresou após xaneiro de 2011 tamén está integrado en MUFACE aínda que a efectos da súa xubilación estea vinculado ao réxime xeral da Seguridade Social.

ASISTENCIA SANITARIA E PRESTACIÓNS FARMACÉUTICAS

Prestación de servizos médicos, farmacéuticos en réxime ambulatorio, hospitalario, domiciliario e de urxencia. Pódese elixir entre entidades privadas de seguro de asistencia sanitaria como ADESLAS, ASISA, DKV ou en concerto co SERGAS.

Polo feito de que unha funcionaria ou funcionario decida optar para a súa asistencia médica polo SERGAS, non por iso pertence ao Réxime Xeral da Seguridade Social. Segue pertencendo a MUFACE a través do convenio que esta mutualidade de funcionarios mantén co SERGAS para a atención médica. Nos medicamentos abóase ou 30% do seu prezo, tanto o persoal en activo como os pensionistas.

INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

A incapacidade temporal é a baixa médica por enfermidade común ou profesional, por accidente sexa ou non laboral e tamén o período de observación por enfermidade profesional.

Duración.

12 meses (365 días) prorrogábeis por outros seis (545 días). Unha vez rematada esta prórroga e despois de proceder ao exame da situación da I.T., se se ditamina que existe expectativa de recuperación ou mellora do estado, poderá prorrogarse durante 6 meses máis, até o máximo de 24 meses (730 días). O cómputo dos prazos comeza desde o inicio dunha baixa, entendéndose que existe un novo proceso patolóxico, e polo tanto un novo cómputo, cando se interrompe a licenza por enfermidade durante 6 meses ou cando a enfermidade sexa diferente e non garde relación coa anterior.

Prestacións económicas.

Para ter dereito a elas ao longo da licenza por Incapacidade Temporal requírense seis meses cotizados, agás nos casos de accidente de traballo ou de enfermidade profesional.

- * **Nos tres primeiros meses:** cóbrase o 100% das retribucións básicas e complementarias, unha vez eliminados os descontos que estiveron vixentes entre 2012 e 2018. Tense en conta o que se cobra no mes no que se colle a baixa.

* **A partir do cuarto mes:** as retribucións básicas seguen a cargo da Consellería e iniciase o pago dun subsidio de incapacidade temporal por parte de MUFACE, consistente na mellor das dúas situacións seguintes:

- a) 80% das retribucións básicas (soldo e trienios) + 1/6 da paga extra correspondentes ao terceiro mes de licenza.
- b) 75% das retribucións complementarias percibidas no terceiro mes de licenza.

A suma das retribucións básicas e do subsidio non poderá ser superior á cantidade percibida no terceiro mes de baixa. O importe das retribucións mantense fixo durante a baixa, malia as modificacións que puidesen corresponder por modificacións en concepto de antigüidade, etc.

Se existe algunha perda retributiva entre a suma destes dous pagamentos e o que se cobraría estando de alta e logo de varias sentenzas e unha intensa campaña de presentación de reclamacións promovida pola CIG-Ensino, a Consellaría está obrigada a complementar a diferenza, mais sempre sobre o 100% das retribucións do mes no que se colleu a baixa.

O subsidio extingüese unha vez transcorrido o tempo máximo de I.T. (18 ou 24 meses).

A situación de risco durante o embarazo ten o mesmo tratamento que a incapacidade temporal.

Vacacións non gozadas durante a I.T.

Despois de diversas sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e do Tribunal Supremo español, así como de varios xulgados galegos está recoñecido o goce do mes de vacacións por coincidir a licenza durante o mes de agosto. Estas vacacións gozaranse ao remate da baixa por I.T., independentemente de que sexa dentro do mesmo ano natural ou non.

Porén hai que ter en conta que a Consellaría interpreta que se durante o mes de xullo non se estivo de baixa nin se asignaron tarefas concretas, hai que computar ese período como se fosen vacacións disfrutadas.

RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL

ÁMBITO PERSOAL.

Está incluído o persoal docente do ensino público que non pertence a MUFACE, isto é, **profesorado interino e substituto**, profesorado de relixión e algúns colectivos reducidos de funcionarios procedentes doutras administracións actualmente integrados na Consellaría de Educación.

O persoal docente que aprobou as oposicións no ano 2011, logo da entrada en vigor da norma que obriga a que todo o funcionariado de novo ingreso a partir do 1 de xaneiro de 2011 sexa do réxime xeral da seguridade social, mantense no que fai referencia á súa vida laboral (prestacións sanitarias, incapacidades temporais, etc.) dentro de MUFACE,

aplicándoselle a normativa do réxime xeral da seguridade social aos efectos da súa xubilación.

ASISTENCIA SANITARIA E PRESTACIÓNS FARMACÉUTICAS

Prestación de servizos médicos, farmacéuticos en réxime ambulatorio, hospitalario, domiciliario e de urxencia. Ten lugar nas instalacións do SERGAS.

O persoal en activo aboa o 40% do valor dos medicamentos. As persoas pensionistas teñen que pagar desde xullo de 2012 un 10%, cuns límites en función da renda: 8€ en rendas inferiores a 18.000€ anuais e 18€ en rendas entre 18.000€ e 100.000€ anuais.

INCAPACIDADE TEMPORAL (I.T.)

Duración.

12 meses (365 días) prorrogábeis por outros seis (545 días). Unha vez rematada esta prórroga e despois de proceder ao exame da situación da I.T., se se ditamina que existe expectativa de recuperación ou mellora do estado, poderá prorrogarse durante 6 meses máis, até o máximo de 24 meses (730 días).

Prestacións económicas.

Para ter dereito a elas ao longo da licenza por Incapacidade Temporal requírense seis meses cotizados, agás nos casos de accidente de traballo ou de enfermidade profesional.

Nesta situación cóbranse as retribucións íntegras que correspondan. A Seguridade Social faise cargo do 60% desde o cuarto día de baixa até o vixésimo e o 75% a partir do día vixésimo primeiro. O resto das retribucións até acadar o 100% está complementado pola Consellaría

Vacacións non gozadas durante a I.T.

Despois de diversas sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e do Tribunal Supremo español, así como de varios xulgados galegos está recoñecido o goce do mes de vacacións por coincidir a licenza durante o mes de agosto. Estas vacacións gozaranse ao remate da baixa por I.T., independentemente de que sexa dentro do mesmo ano natural ou non.

Porén hai que ter en conta que a Consellaría interpreta que se durante o mes de xullo non se estivo de baixa nin se asignaron tarefas concretas, hai que computar ese período como se fosen vacacións disfrutadas.

Situación de baixa e permanencia nas listaxes de interinidade e substitucións.

En situación de baixa, é preciso solicitar praza para o curso seguinte nos prazos establecidos para a elección de destino provisional (CADP). En caso de ter praza adxudicada e seguir en situación de baixa, será nomeada unha persoa substituta mentres dure esa situación. Nese caso solicitarase á Consellaría o recoñecemento de servizos a efectos administrativos por ese período de baixa.

Fin de contrato durante a situación de I.T.

Se un docente remata o contrato mentres está de baixa, ten que solicitar ao INSS que asuma o pagamento da prestación polo tempo que resta de baixa. Neste caso, a prestación é a mesma que a de desemprego (o 70% da base reguladora os 6 primeiros meses e o 50% despois, mentres siga de baixa).

Se se ten dereito á prestación por desemprego, neste tempo cotiza o INEM pola persoa desempregada e desconta despois o tempo de baixa do tempo de paro que lle corresponder (a todos os efectos é como se se estivese en paro).

Maternidade e risco durante o embarazo.

A situación de risco durante o embarazo ten o mesmo tratamento que a incapacidade temporal.

No caso de permiso de maternidade, a prestación é do 100% das retribucións.

No caso das docentes interinas e substitutas, se remata o contrato a nai segue cobrando o 100% da base reguladora até que acabe a baixa maternal e este período non se lle desconta do tempo de paro que lle corresponder, pero non conta como tempo cotizado á Seg. Social (hai que avisar á Seguridade Social para que deixen de descontar a cota obreira).

A día de hoxe o permiso por parto é de 22 semanas para traballadoras da Xunta de Galiza. Sen embargo, o permiso que asume a Seguridade Social mantense nas 16 semanas. Unha mestra con contrato en vigor durante todo o permiso por parto manterá ese dereito nas 22 semanas. Sen embargo, se o contrato remata antes do permiso só terá dereito ao cobro das prestacións polo permiso por parto durante 16 semanas.

Se se está a cobrar o paro e a nai colle a baixa maternal debe pedir as prestacións por maternidade que son maiores que o subsidio de desemprego.